

O século XX español estivo marcado pola perda dos restos do imperio. Aquela España dos Austrias na cal "nunca se poñía o sol" foi perdendo, século a século, as terras que dominaba ata que o nacente imperio de Washington si tirou sobre aquela froita madura que eran Cuba, Porto Rico e as Filipinas. Unha sensación debacde apoderouse de España e cada quen tentou aliviala da mellor maneira posible: os potentados cataláns repatriando capitais e a Xeración do 98 repatriando sentimentos. Daquela foi cando comezou a "doerlles España".

O século XIX fora unha cadea de abortos democráticos. Unha monarquía, a borbónica, deteriorada polo seu vencello ao espírito do Antigo Réxime, e unhas forzas emerxentes que ficaban sometidas por aquela España negra que aínda sobrevivía: terratenentes, Igrexa, carlistas.

Tras o intento rupturista que comezou coa chamada Revolución Gloriosa (1868), que tentou unha saída na monarquía moderna cun Saboia e fracasou coa primeira República, a Restauración de Afonso XII estableceu un gran pacto entre os grupos dominantes: entre os conservadores de Cánovas del Castillo e os timidamente liberais de Sagasti, e entre os terratenentes meridionais e as oligarquías financeiras e industriais do norte.

Pero contra aquela inmovilidade estéril, que levou ao desastre de 1898, alguén tivo folgos dabondo para pensar na rexeneración: Joaquín Costa. Aragonés de berce (Monzón, 1846 – Graus, 1911), un século despois da súa morte convén lembrar a un dos poucos que souberon pensar España. Hoxe, as súas teorías chocarían co politicamente correcto e coa vontade de sostenibilidade, pero daquela supoñían unha verdadeira revolución, mesmo se consideramos que no fondo nun deixou de ser un reaccionario.

De orixe humilde, estudou e traballou na súa mocidade; despois dun achegamento ao carlismo pasou ao laicismo krausista, ao liberalismo e a formar parte da Institución Libre de Enseñanza, fundado por Giner de los Ríos. Consciente das poucas posibilidades dunha industrialización á maneira centroeuropea, puxo no desenrolo agrícola



María Cristina de Habsburgo, Raíña Rexente de España.



Monumento a Joaquín Costa en Zaragoza.



Escea da batalla naval de Santiago de Cuba (1898).

Reacción/Rexeneración

Centenario de Joaquín Costa

JOAQUIM VENTURA

En Galicia tivo moita influencia a política da Restauración canovista nas diversas confrontacións electorais. As forzas políticas locais –nin que fosen as vencelladas ao sistema– apenas tiñan forza para que os candidatos locais tivesen sitio nas listas: case sempre estaban encabezas por políticos profesionalizados, colocados nelas a maneira de paracaidistas, os chamados "cuneros".

E nesa tarefa estaban por riba os caciques, detentadores de poderes económicos e sociais, pequenos no conxunto do Estado, pero intensos na dimensión local. Os caciques quitaban e poñían concellos, desviaban ou orientaban subvencións e obras públicas, sempre gra-

zas ao voto cautivo cara aos deputados que promoveran, ao servizo xeral das oligarquías que ocupaban a maquinaria pública.

E contra aquel estado de cousas Joaquín Costa tamén loitou. O político e pensador aragonés

parte da esquerda, cando se favorecen os privilexios duns poucos por riba dos dereitos gañados pola maioría.

Cando Costa falaba do millar de familias que tiñan a España por unha lira de seu, fronte aos dezaio millóns de asoballados, estaba a prever o risco dunha explosión social destes desesperados, como sucedeu co paso do tempo. Resultaba evidente que o reparto da riqueza –nin que fose coa garantía dos mínimos para unha vida digna– era a mellor vacina contra a revolución e contra o empobrecemento. E para iso non tiña máis esperanza que a aparición dun gobernante que, con man de ferro, combatese a caciques e oligarcas.

Contra caciques e oligarcas

deixou evidente, xa hai máis dun século, a ausencia dunha dereita intelixente, reformista desde as institucións e respetuosa coa democracia. Unha situación que persiste aínda, contaminando mesmo á

Puxo especial énfase en "desafricanizar" España

o factor determinante para acadar o reparto da riqueza.

De acordo co seu obxectivo de modernización da agricultura (en paralelo á do comercio e ás industrias extractivas), colaborou coas asociacións de propietarios rurais para a formación dun partido, a Unión Nacional, que rachase co acomodo do sistema da Restauración. Combateu as consecuencias da desamortización das terras comunais –adquiridas a baixo prezo pola nova burguesía agraria– e defendeu unha política de regadíos para facer produtivas as terras secas do interior da Península.

Posuidor dunha sólida formación –gañada malia padecer desde mozo unha doenza dexenerativa– e influído polas revolucións inglesa do XVII e americana do XVIII, evoluiu cara ao campo do republicanismo primeiro e do socialismo despois, defraudado pola inmovilidade do sistema canovista. Puxo especial énfase na necesidade de "desafricanizar" e "europeizar" España. E do mesmo xeito, considerou ilusoriamente a posibilidade de colonizar África para levar os avances da cultura europea.

Que daquela tivese que facer propostas que aparecían coma revolucionarias, cando non como utópicas, deixa evidente cal era a verdadeira situación española: lexislación social (contratos, seguridade social, retiro), reparto de terras aos labregos, obras hidráulicas, municipalización dos servizos públicos, reforma da educación (na liña gineriana), repoboación forestal, investigación científica financiada polo Estado...

Perante a condición refractaria da clase política e económica dominante, chegou a avogar por un "ciruxán de ferro" que, á maneira de Bismarck, soubese impoñer as reformas que consideraba necesarias. Alén, que fose fonte de inspiración (poucas máis había) para o Estado social franquista, non é culpa súa. Quizais por iso, anos despois foi considerado un prefascista. Porén, ningún soubo resumir en tan poucas palabras un proxecto de progreso para España: "Escola, despesa e sete chaves ao sartego do Cid".